

Asociación Cultural Canle - LIRA

XXIX CARREIRA A PÉ - LIRA

DATA: sábado 10 de agosto

LUGAR: Portocubelo (Lira)

PROMOVE: A. C. Canle

PATROCINA: Stolt Sea Farm. S.A.

COLABORA: Concello de Carnota

Categoría, ano de nacemento e inscricións:

Categoría	Ano de nacemento	Inscrición
Prebenxamíns	2016 e posteriores	3 €
Benxamíns	2014-2015	3 €
Alevíns	2012-2013	3 €
Infantís	2010-2011	3 €
Cadetes	2008-2009	3 €
Xuvenís	2005-2006-2007	8 €
Sénior	1985-2004	8 €
Veteranos/as	1984 e anteriores	8 €

Inscricións:

Ata o xoves 8 de agosto ás 23:59 h a través de <https://ccnorte.com/>

As inscricións das categorías: xuvenís, sénior e veteranos/as, terá un custo de 8 euros, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e pre-benxamíns, terá un custo de 3 euros.

* En caso de non presentarse á proba, non se devolverá a inscrición.

Datos obrigatorios para as inscricións:

NIF, nome e apelidos, data de nacemento, sexo, teléfono de contacto e mail de contacto.

Premios:

Pre-benxamíns: medalla para todos os participantes.

Benxamíns: medalla para todos os participantes.

Alevíns: trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Infantís: trofeo para 1º clasificado e medalla para o resto de participantes.

Cadetes: trofeo para 1º clasificado e medalla para o 2º e 3º clasificado.

Xuvenís: trofeo para os tres primeiros clasificados.

Séniors: trofeo para os tres primeiros clasificados.

Veteranos/as: trofeo para os tres primeiros clasificados.

Percorridos:

Todas as carreiras sairán e chegarán a Portocubelo

- 200 m pre-benxamíns.
- 400 m benxamíns.
- 1500 m alevíns e infantís.
- 3000 m cadetes.
- 3000 m séniors, veteranos/as.
- 10 km xuvenís, séniors, veteranos/as.

Regulamento:

1. A asociación **CANLE** será a organizadora da **XXIX CARREIRA A PÉ** de Lira.
2. A carreira estará controlada por persoal de **Champion Chip Norte** e de **A.C. Canle (comité organizador)**.
3. A asociación e os seus colaboradores non se fan responsables de danos morais, físicos ou materiais que así mesmo ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que, con motivo da competición, poidan corresponder ante o seguro da proba ou outra mutualidade.
4. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
5. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
6. Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalos ou dobralos. O número debe de estar sempre ben visible.
7. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou a xuízo da organización cometa algunha irregularidade, será descalificado.

8. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba. Os horarios son os seguintes.

▪ Prebenxamíns:	18:30 h
▪ Benxamíns:	18:40 h
▪ Alevíns:	19:00 h
▪ Infantís:	19:00 h
▪ Cadetes:	19:30 h
▪ Carreira 3Km (sénior, veteranos/as):	19:30 h
▪ Carreira 10Km (xjuvenís, sénior e veteranos/as):	19:20 h

NOTA: os horarios das carreiras non están libres de sufrir algunha modificación se presenta algún imprevisto de última hora.

1. Na carreira de 10 Km o percorrido estará sinalizado e contará cun avituallamento na metade do percorrido (Susiños).

2. Na carreira de 3 Km independentemente da idade recibirán trofeos os 3 primeiros en cruzar a liña de meta.

3. O control de chegada na carreira de 10 Km pecharase 40 minutos despois da chegada á meta do primeiro clasificado.

4. Os trofeos non serán acumulativos.

5. O horario da entrega de trofeos efectuarase da seguinte maneira:

- as categorías inferiores (alevíns, infantís e cadetes) ás 19:45 h
 - categorías absolutas (3 Km e 10 Km, xuvenís, sénior e veteranos/as) ás 21:00 h
- Algún cambio estaría suxeito a decisión do comité organizador previamente comunicado o día das carreiras.

1. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización en xeral.

2. Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta.

3. Límite de participantes 500 corredores.